2º BACHARELATO

HISTORIA DE ESPAÑA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social.	Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.
	Diferenza as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións
Diferenciar as diferentes etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os principais feitos e actuacións en cada unha delas.	Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.
	Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.
	Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.
	Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.
	Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.
Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.	Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.
	Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.
	Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.
Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, e relacionándoas coa cambiante situación internacional.	Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.
	Diferenza etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.
	Explica a organización política do Estado franquista.
	Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.
	Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.

	Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.
	Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo
Describe as dificultades da transición á democracia dende o franquismo nun contexto de crise económica, explicando as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.	Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.
	Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.
	Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.
	Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.
	Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.
Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a acadar o máis amplo acordo social e político	Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.
Analizar a evolución económica, social e política de España dende o primeiro goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada no 2008, sinalando as ameazas más relevantes ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa.	Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.
	Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.
Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Será o resultado de empregar a avaliación inicial; a formativa e a sumativa. Para a primeira e segunda avaliacións valerémonos dos criterios de cualificación que establece a programación. Na terceira avaliación, o profesorado determinará o tipo de traballo telemático que vai empregar. Este, estará orientado a que o alumnado desenrole actividades e tarefas destinadas ao repaso, o reforzo e ao avance de nova materia. Tamén, para o alumnado coa segunda avaliación suspensa, o profesorado, plantexará tarefas e actividades telemáticas co galo de que a poidan recuperar.
	Instrumentos: Como establece a programación do Departamento, na primeira e na segunda avaliación os instrumentos empregados serán: -**Probas escritas de características diversas e adaptadas ao nivel do alumnado.** -**A valoración do traballo diario medido mediante os instrumentos que se detallan na programación**. Na terceira avaliación empregarase como instrumento o traballo telemático.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación final tomará en conxunto as avaliación de todo o curso, mais de forma ponderada e específica: os dous primeiros trimestres representan o mesmo valor na nota final, que terá unha cualificación entre 1 e 10, mentres que todas as actividades desenvolvidas no terceiro só poderán ser avaliadas se beneficien ao alumnado. Conforme á coordinación e acordos establecidos entre o profesorado, as actividades do terceiro trimestre poderán aumentar a nota final nun intervalo que chegue ata os 2 puntos da seguinte forma. - Se o alumnado entrega o 100% das tarefas encomendadas realizadas con rigor histórico, claridade expositiva , calidade argumentativa e orixinalidade sumará 2 puntos. - Se o alumnado entrega o 50% das tarefas encomendadas realizadas con rigor histórico, claridade expositiva , calidade argumentativa e orixinalidade sumará o 50% dos 2 puntos. - Se o alumnado entrega o 25% das tarefas encomendadas realizadas con rigor histórico, claridade expositiva,

	calidade argumentativa e orixinalidade sumará o 25% dos 2 puntos. - Se o alumnado entrega o 10% das tarefas encomendadas realizadas con rigor histórico, claridade expositiva, calidade argumentativa e orixinalidade sumará o 10% dos 2 puntos. Para a recuperación da segunda avaliación, será obrigatoria a realización das tres tarefas esixidas (composicións históricas, definicións de termos e conceptos históricos) que deberán ser entregadas no tempo e na forma establecidas. Valorarase na súa cualificación a realización das mesmas con rigor histórico, claridade expositiva, calidade argumentativa e orixinalidade. Serán valoradas sobre 10 puntos (as dúas composicións históricas terán un valor máximo de 4 puntos cada unha e a actividade de definición de termos e conceptos históricos será valorada sobre 2 puntos). Se o alumnado non realizara as tres tarefas de recuperación da segunda avaliación, non podería recuperar dita avaliación e quedaría coa cualificación de suspenso que tiña na segunda avaliación. Para obter unha cualificación final positiva de 5 puntos ou máis, o alumnado non poderá ter na primeira avaliación ,coa recuperación incluída, unha cualificación inferior a 3, e non poderá ter na segunda avaliación coa realización e entrega das tres tarefas de recuperación incluídas, unha cualificación inferior a 4.
Proba extraordinaria de setembro	O alumnado que fose avaliado negativamente e que non promocione, será examinado na avaliación extraordinaria de setembro, unicamente da materia traballada de xeito presencial nas dúas primeiras avaliacións, segundo o modelo de exame ABAU 2020 que presenta optatividade para que o alumno poida desenvolver todos os contidos traballados na materia.
Alumnado de materia	Criterios de avaliación: O ALUMNADO DE 2º BAC NON TEN MATERIAS PENDENTES

pendente	
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	O terceiro trimestre centrarase nas aprendizaxes e competencias imprescindibles para o alumnado. Combínanse as actividades de recuperación e de repaso e reforzo coas actividades de ampliación de aprendizaxes.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía adáptase ás características da educación a distancia, desde unha concepción flexíbel e aberta da didáctica, que comprende as posíbeis dificultades de acceso ás novas tecnoloxías, ao tempo ou ao espazo necesario para desenvolver o traballo demandado. No caso de que se detectase alumnado sen conectividade, organizarase un procedemento de impresión e envío de materiais a través do centro, na liña do traballo que se está a desenvolver coa entrega de libros e outros materiais, e sempre co cumprimento das medidas de seguridade sanitaria.
Materiais e recursos	-Recomendacións de lecturas, visionado de documentais e acceso a fontes de Internet, desde a Aula Virtual e por correo electrónico. -Participación e diálogo co alumnado a través de correo electrónico e dos foros abertos na Aula Virtual e plataforma Webex. -Realización de actividades de resposta múltiple na Aula Virtual. -Realización de actividades con preguntas diversas en tipoloxía e dificultade (resposta aberta, pregunta breve, comentario de imaxe, comentario de texto, composición histórica, definición de termos e conceptos históricos), enviadas por correo electrónico e a través da Aula Virtual. -Publicacións de modelos de solucións ás actividades anteriores.

	-Realización de traballos abertos sobre aspectos históricos de interese (realización traballo lectura voluntaria: “ 50 Cosas que hai saber de Historia de España”).

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A adaptación desta programación será publicada na páxina web do departamento. Ademais, enviarase o documento anexo ao alumnado e ás súas familias por medio da mensaxería Abalar e por correo electrónico. O alumnado estará matriculado na aula virtual do nivel (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesisidropargapondal/aulavirtual2/) e poderá tamén acceder ao documento neste espazo dixital.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.